

## A reclusión ao longo da Historia. O nacemento da pena de prisión

Sara Carou García

Ao longo dos séculos a reclusión experimentou un proceso evolutivo; de ser unha medida destinada a asegurar a celebración do proceso xudicial ou a execución do castigo imposto no mesmo, a se converter nunha pena autónoma, representativa dunha nova forma de entender a sociedade e o poder. Hoxe en día a privación de liberdade continúa a manter un papel hexemónico nos ordenamentos punitivos da maioría dos Estados.

Aínda que a prisión, como sanción e institución, ten unha historia relativamente curta que arrinca a partir dos séculos XVIII e XIX, hai que sinalar que a reclusión foi empregada dende antigo como medio represivo ou cautelar, dado que os gobernantes sempre tiveron a necesidade de custodiar ou reter ao suxeito que quebranta as normas.

Nas seguintes liñas amosaremos como dende a Antiga Grecia até a actualidade o encerro acompañou á humanidade ao longo de toda a súa viaxe histórica, se ben adoptando diferentes formas e finalidades.

## O Mundo Antigo

### Grecia

A presenza da prisión como pena de carácter público nas leis gregas non é unha cuestión pacífica. No entanto, alén dos debates doutrinarios sobre a materia, o certo é que as fontes dos séculos V a IV a.C. fan referencia á existencia dun cárcere en Atenas localizado dentro da ágora<sup>1</sup>. Este edificio debía estar destinado á custodia do procesado antes e durante o tempo necesario para a celebración do xuízo; sendo tamén utilizado como lugar de execución da pena capital<sup>2</sup> en determinados casos, como o do filósofo Sócrates<sup>3</sup> ou o do escultor Fidias<sup>4</sup>.

Aínda que a existencia da prisión como castigo no ordenamento xurídico ático é obxecto de controversia, non existe ningún xénero de dúbidas en relación coa práctica do encarceramento privado; o cal pode concibirse como unha forma de secuestro lícito, que a lexislación ateniense permitía ao individuo que detentaba a soberanía ou xurisdición no interior da casa. Deste xeito asegurábase a aplicación da punición e a satisfacción do primitivo dereito da vinganza privada<sup>5</sup>. Podía manifestarse de diferentes formas: o dono dun escravo dispuña de plenos poderes para lle impor calquera clase de “escarmento”, incluído o encerro; o cidadán ateniense tiña capacidade xurídica para reter a liberdade do individuo sorprendido mantendo relacións sexuais coa súa esposa, filla, nai, irmá ou concubina, mentres non decidise que pena aplicar ao adúltero ou tamén o acredor podía apresar ao debedor en caso de falta de pagamento<sup>6</sup>.

A privación de liberdade configurada como sanción penal aparece reflectida a nivel ideolóxico<sup>7</sup>. Nas *Leis* de Platón, xunto coas penas pecuniarias, o desterro, os azoutes ou a morte<sup>8</sup>, contéplase a prisión como castigo dentro do sistema punitivo da cidade ideal

<sup>1</sup> Unhas escavacións, efectuadas na ágora, tiraron á luz a presenza nese lugar dun gran edificio que foi cualificado por M. Crosby, en 1951, como unha construción de carácter público. Anos despois Vanderpool identificou dito achado coa prisión de Atenas. As súas conclusións foron aceptadas por gran parte dos investigadores. Cfr. RIAÑO RUFILANCHAS, D., “Cárcel y encarcelamiento en la Grecia Clásica”, en TORALLAS TOVAR, S. e PÉREZ MARTÍN, I. *Castigo y reclusión en el mundo antiguo*, Madrid, CSIC, 2003, p. 93; Vide. CROSBY, M., “The Poros Building”, *Hesperia*, nº 20, 1951, pp. 168-187. VANDERPOOL, E., “The state of prison of Athens, en From Athens to Gordion”, *The papers of Memorial Symposium for Rodney Young*, VRIES DE, K., (editor), Philadelphia, University of Pennsylvania 1980, pp. 17-31.

<sup>2</sup> Para un completo estudo sobre a pena de morte no mundo clásico vid. CANTARELLA, E., *Los suplicios capitales en Grecia y Roma: orígenes y funciones de la pena de muerte en la antigüedad clásica*, Torrejón de Ardoz, Akal, 1996.

<sup>3</sup> O proceso xudicial e posterior execución de Sócrates foron relatados por Platón. Vid. PLATÓN, *Fedón*, en *Diálogos*, tomo III, Madrid, Gredos, 1997, pp 24-29.

<sup>4</sup> Cfr. VIADER VIVES, A., *Historia del castigo*, Barcelona, Antalbe, 1974, p. 66 (n. 17).

<sup>5</sup> Cfr. PAVÓN TORREJÓN, P., *La cárcel y el encarcelamiento en el mundo romano*, Madrid, CSIC, 2003, p.61.

<sup>6</sup> Cfr. OLIVER OLMO, P., *Cárcel y sociedad represora. La criminalización del desorden en Navarra (siglos XVI-XIX)*, Universidad del País Vasco, Bilbao, 2001, p. 74. O debedor que non satisfacía a súa obriga pecuniaria convertíase inmediatamente en escravo do seu acredor e podía ser vendido como tal. Solón aboliu esta práctica, prohibindo ademais contraer préstamos coa garantía da liberdade persoal. A lei de Solón adquiriu efectos retroactivos, polo que moitos atenienses recuperaron a súa liberdade tras seren escravizados por tales motivos. Cfr. VIADER VIVES, A., *Historia...*, ob.cit.

<sup>7</sup> Vid. GARRIDO GUZMÁN, L., *Manual de ciencia penitenciaria*, Madrid, Instituto de Criminología de la Universidad Complutense de Madrid, 1983, pp. 74-75.

<sup>8</sup> En relación coa penoloxía no pensamento de Platón vid. MACKENZIE, M.M., *Plato on punishment*, Los Ángeles, University of California Press, 1981; SANDERS, T.J., *Plato's penal code: tradition, controversy, and reform in Greek penology*, Oxford, Clarendon Press, 1991.

descrita polo autor grego<sup>9</sup>. Porén, o grande filósofo aínda foi máis aló, nun adianto asombroso respecto da cultura penolóxica do seu tempo e mesmo daquelas dos séculos posteriores, outorgando ao cárcere unha finalidade que transcende a mera aflición do culpábel, chegando a concibila como unha forma de corrección<sup>10</sup>. Aliás o de Atenas elaborou unha tipoloxía carceraria composta por tres tipos de prisións, situadas en distintos puntos da cidade e destinadas a usos diferentes<sup>11</sup>:

- Unha común, para todos os criminais; atoparíase na ágora co fin de exercer unha maior vixilancia sobre os presos. A elección deste lugar non é casual. De acordo coa organización estatal das *Leis*, é na ágora onde deben estar establecidas as forzas de seguridade.

- Unha outra, chamada *sofonisterion*, destinada á reforma das actitudes delituosas dos convictos. Estaría situada cerca do lugar onde se reúnen os membros do denominado *Consello Nocturno*<sup>12</sup>.

- Por último, unha terceira prisión tería como obxectivo o suplicio. Co fin de amedrentar os cidadáns este cárcere debía construírse nunha paraxe desértica e sombría, o máis afastada posíbel da cidade.

## Roma

Ao redor da presenza do encarceramento como sanción en Roma existen posicións enfrontadas. No centro desta polémica sitúase a teoría elaborada por Theodor Mommsen hai máis dun século. Segundo o citado autor, no Dereito Romano o cárcere público cumpría tres funcións: 1) servía como medida coercitiva, para reprimir aos individuos que desobedecían os mandatos dos maxistrados *cum imperium* ou do Tribuno da Plebe; 2) aseguraba a presenza do demandado no xuízo mentres se instruía o proceso; 3) garantía o cumprimento da sentenza condenatoria<sup>13</sup>. Conforme a esta liña de investigación, convertida na doutrina dominante<sup>14</sup>, a posibilidade de que a prisión constituíse unha pena autónoma queda totalmente excluída. A base desta argumentación atópase na famosa frase de Ulpiano, contida no título *De poenis* do *Digesto*: “*carcer enim ad continendos*

<sup>9</sup> Son varias as infraccións penais para as que Platón propón a pena de cárcere, entre elas figuran os delitos de impiedade, os supostos de falta de pagamento de multa ou os roubos. Cfr. PLATÓN, *Las Leyes*, Libro X, Madrid, Akal, 1988, pp. 380, 383 e 460.

<sup>10</sup> Cfr. PLATÓN, *Las Leyes*, ob. cit., Libro IX, pp. 379 e 391.

<sup>11</sup> Cfr. PLATÓN, ob. cit., *Libro X*, p. 460.

<sup>12</sup> O Consello Nocturno era o órgano supremo da cidade ideal deseñada por Platón. Estaba formado por aqueles individuos que demostraran maiores capacidades. Entre as súas competencias estaba a corrección dos condenados por delitos de impiedade. Aínda que as referencias ao Consello Nocturno aparecen varias veces ao longo das *Leis*, Platón dedica a última parte do Libro XII a describir minuciosamente este órgano. Cfr. PLATÓN, ob. cit. *Libro XI*, pp. 521-541.

<sup>13</sup> Vid. MOMMSEN, T., *El derecho penal romano*, Pamplona, Analecta, 1999.

<sup>14</sup> Esta corrente doutrinal está representada principalmente por BRASIELLO, U., *La repressione penale in diritto romano*, Napoli, Eugenio Jovene, 1937; DE DOMINICIS, A., *Coercitio*, en *Novissimo Digesto Italiano*, AZZARA, A., EULA, E., (dir), vol. III., Torino, Unione Tipografico-Editrice Torinese, 1958-1987; GARNSEY, P., *Social status and legal privilege in the Roman Empire*, Oxford, Oxford University Press, 1970; SANTALUCIA, B., *Diritto e processo penale nell'antica Roma*, Milano, Giuffrè, 1989.

*homines non ad puniendos haberi debet*” (o cárcere debe ser para reter aos homes e non para castigalos<sup>15</sup>). Nos últimos anos apareceu unha nova corrente doutrinal, encabezada por Balzarini<sup>16</sup>, contraria á visión tradicional asentada por Mommsem, que afirma a utilización en Roma do cárcere como sanción legal. O apoio documental destas modernas teses, áchase, en parte, en tres textos de Calístrato, xurista contemporáneo de Ulpiano, incluídos no propio *Digesto*, nos que se fai referencia ao encarceramento como medida punitiva<sup>17</sup>.

Os lugares destinados a servir como reclusorios públicos eran edificacións construídas, en principio, con outras finalidades. Tal é o caso da famosa *Tullignum* ou *Carcer Marmetinus*, situada nun colector de augas próximo ao Foro e na que estiveron presos, entre outros, Yugurta e Vercingetórix<sup>18</sup>. Coa subida ao poder de Augusto o número de inmóbeis adicados a albergar aos reos aumentou, tanto na Urbe como nas provincias<sup>19</sup>, debido aos graves problemas de seguranza cidadá existentes naquel momento<sup>20</sup>.

Ao igual que no caso grego, malia que a presenza da pena privativa de liberdade no dereito romano é unha cuestión controvertida, a utilización do encarceramento privado é admitida de maneira unánime polos tratadistas. Esta práctica derivaba de tres factores: 1) a economía de tipo arcaico que imperaba na época. Así, o denominado *nexum*, ou prisión por débedas, tiña como finalidade forzar a satisfacción das obrigacións económicas; 2) O sistema xentilicio que concedía un inmenso poder ao *pater familias*, até o extremo de que os fillos que desobedecían ou deshonoraban ao cabeza de familia podían ser retidos por este; 3) O sistema escravista que contemplaba a institución do *ergastulum*, a cal permitía aos donos recluír aos escravos rebeldes, de maneira temporal ou perpetua, nun lugar da casa destinado a tal fin<sup>21</sup>.

---

<sup>15</sup> Cfr. *El Digesto de Justiniano*, versión castellana de D'ORS, A. et alt., Pamplona, Aranzadi, 1968-1975. Dig. 48, 19, 8, 9. Vid. GARCÍA VALDÉS, C., *Introducción a la penología*, Madrid, Instituto de Criminología de la Universidad Complutense, 1981, p. 71; NEUMAN, E., *Prisión abierta*, Buenos Aires, Depalma, 1984, p. 12; TÉLLEZ AGUILERA, A., *Los Sistemas Penitenciarios y sus prisiones*, Madrid, EDISOFER, 1998, p. 27.

<sup>16</sup> Vid. BALZARINI, M., “Il problema della pena detentiva nella tarda Repubblica: alcune aporie”, en *Il problema della pena criminale tra filosofia greca e diritto romano: atti del Deuxième Colloque de Philosophie Pénale: Cagliari, 20-22 aprile 1989 / a cura di Oliviero Filiberto*, Napoli, Jovene, 1993, pp. 371-395. Nesta mesma liña de pensamento sitúanse: LOVATO, A., *Il carcere nel diritto penale romano: dai Severi a Giustiniano*, Bari, Cacucci, 1994; MESSANA, M.A., “Riflessioni storico-comparative in tema de carcerazione preventive (a proposito di D. 48, 19, 8, 9-Ulp. De off.Proc.)”, *Annali Palermo*, n° 41, 1991, pp.63-208; ROBINSON, O.F., *Criminal law of ancient Rome*, Baltimore (Maryland), Johns Hopkins University Press, 1996.

<sup>17</sup> Os devanditos textos atópanse no libro VI do *De cognitionibus* de Calístrato. Vid. Dig. 48,19,28,7. Dig. 48,19,28,14. Dig. 48, 19, 7, ob.cit. Cfr. RODRÍGUEZ MARTÍN, J.D., “La pena de prisión bajo Justiniano: Ulpiano vs. Calístrato”, en TORALLAS TOVAR, S. y PÉREZ MARTÍN, I. (editores), *Castigo y reclusión...*, ob. cit.

<sup>18</sup> Cfr. GONZÁLEZ SERRANO, P., “La arqueología de las cárceles romanas”, en TORALLAS TOVAR, S. y PÉREZ MARTÍN, I. (editores), *Castigo y reclusión...* ob. cit.; TÉLLEZ AGUILERA, A., *Los sistemas...* ob. cit., p. 29.

<sup>19</sup> Cfr. PAVÓN TORREJÓN, P., *Las cárceles civiles en el Imperio Romano*, en TORALLAS TOVAR, S. y PÉREZ MARTÍN, I. (editores), *Castigo y reclusión...*, ob. cit.

<sup>20</sup> Cfr. PAVÓN TORREJÓN, P., *Las cárceles civiles en el Imperio Romano*, en TORALLAS TOVAR, S. y PÉREZ MARTÍN, I. (editores), *Castigo y reclusión...*, ob. cit.

<sup>21</sup> Vid. GARCÍA VALDÉS, C., *Introducción...* ob. cit., p. 71; TÉLLEZ AGUILERA, A., *Los sistemas...*, ob. cit. pp. 27-28. Para un estudo máis profundo sobre o sistema escravista e o seu reflexo no sistema penal romano vid. DEL PRETE, P., *La responsabilità dello schiavo nel diritto penale romano*, Roma, L'erma di Bretschneider, 1972.

## A Idade Media

Durante este período a prisión como sanción penal segue sen aparecer. Este feito é facilmente comprensíbel se temos en conta que a mentalidade, a sociedade de carácter estamental e os ordenamentos xurídicos medievais eran incapaces de comprender a idea da liberdade do home<sup>22</sup>, polo que configurar a privación da mesma como medio de represión do delito era impensable<sup>23</sup>. As leis da época mostraban unha forte influencia do dereito xermánico<sup>24</sup>, en cuxo seo os principios derivados da *blutrache* (vinganza de sangue) e do *Talió*n determinaban un catálogo punitivo caracterizado pola crueldade (morte, castración, desorbitación, amputación de membros, etc.) e a macabra escenificación do castigo. O encerro continuou a ter un carácter eminentemente cautelar sendo a súa principal función a de facilitar a custodia do reo até o momento do xuízo ou da execución<sup>25</sup>.



### Excepcións ao cárcere-custodial

Malia o que vimos de afirmar, nese tempo xurdiron certas prácticas ligadas ao encarceramento que constitúen excepcións á regra xeral do cárcere-custodial. Así, un edicto de Luitprando, rei dos longobardos (712-744), dispuxo que cada xuíz tivese na súa cidade un cárcere para encerrar os ladróns por un ou dous anos; unha capitular de Carlomagno, do ano 813, permitiu que as xentes *boni generi* que delinquisen fosen

<sup>22</sup> Os ordenamentos medievais respondían basicamente ás necesidades e aos intereses dos dous estamentos privilexiados. As leis eran creadas polos reis e aplicadas polos príncipes e os señores feudais con plena arbitrariedade. A Igrexa tiña un sistema legal propio, distinto do dereito común, sendo a xerarquía do clero (bispos, abades e priores dos mosteiros, mestres das Ordes militares) a encargada de velar pola súa observancia e castigar calquera desviación respecto das regras establecidas. Vid. BELLOMO, M., *Scienza del diritto e società medievale*, Roma, Il Cigno Galileo Galilei, 1997; CORTESE, E., *Il diritto nella storia medievale. I, L'Alto medioevo*, Roma Il Cigno Galileo Galilei, 1996. Sobre as leis medievais en España vide. GACTO FERNÁNDEZ, E., ALEJANDRE GARCÍA, J.A., GARCÍA MARTÍN, J.M., *El derecho histórico de los pueblos de España, temas para un curso de Historia del Derecho*, Madrid, Publicaciones de la Facultad de Derecho, Universidad Complutense, 1982, pp. 174 e ss; SALDAÑA, Q., *El Derecho Penal español en la Edad Media, adiciones al Tratado de Derecho Penal, tomo I*, VON LISZT, E., Madrid, Reus, 1999; SÁNCHEZ- ARXILA BERNAL, J., *Historia del Derecho. I. Instituciones político-administrativas*, Madrid, Dykinson, 1995. pp. 109 e ss.

<sup>23</sup> Cfr. TÉLLEZ AGUILERA, A., *Los sistemas...*, ob. cit. p. 30; NEUMAN, E., *Prisión...*, ob. cit. pp. 18-19.


<sup>24</sup> Cfr. TÉLLEZ AGUILERA, A., *Los sistemas...*, ob. cit., p. 30.

<sup>25</sup> Cfr. GARCÍA VALDÉS, C., *Introducción...*, ob. cit., p. 70. NEUMAN, E., *Prisión...*, ob. cit., p. 18.

ingresadas en prisión até que se corrixisen<sup>26</sup>. No entanto, son as denominadas prisións de Estado e prisións eclesiásticas as que marcarán dous fitos esenciais na evolución da reclusión cara a súa conversión en pena autónoma.

#### a) A prisión de Estado

A Idade Media foi unha etapa histórica complexa, marcada polos conflitos bélicos ligados ao poder e pola inestabilidade política<sup>27</sup>. Nos mil anos que durou producíronse constantes loitas de poder entre os reis, a nobreza e o clero. O afán por manter unha posición de supremacía no ámbito político levou á necesidade de reprimir



calquera elemento que obstaculizase ou se opuxese a devandito fin. Neste contexto aparece a denominada prisión de Estado, na que eran reclusos tanto os inimigos da Monarquía ou do Señorío acusados de delitos de traizón, como os simples adversarios políticos de ambos, xeralmente nobres que eran dispensados da estancia nos establecementos prisionais comúns<sup>28</sup>. Esta forma de reclusión servía como medio de retención do acusado até a celebración do xuízo ou a execución do castigo obxecto da condena. Na nosa historia podemos atopar múltiples exemplos desta práctica. Así, o Mariscal Pero Pardo de Cela, a finais do século XV, no marco da defensa Reino de Galiza fronte o afán expansionista de Castela, foi apresado no castelo da Frouseira e retido nel até a súa execución en Mondoñedo a mans do exército dos alcumados Reis Católicos<sup>29</sup>.

Con todo, esta función cautelara non vai ser a única. O encerro comezou a ter un contido estritamente punitivo, a estancia nestes cárceres pasa a constituír unha pena autónoma de carácter per-

petuo ou permanente á espera do perdón real ou señorial<sup>30</sup>. A inexistencia de construcións arquitectónicas especificamente creadas para as mencionadas finalidades obriga a que os reos sexan amoreados<sup>31</sup> en edificios destinados, en principio, a outras actividades

<sup>26</sup> Cfr. CUELLO CALÓN, E., *La moderna penología (Represión del delito y tratamiento de los delincuentes. Penas y medidas. Su ejecución)*, tomo I, Barcelona, Bosch, 1958, p. 300; GARCÍA VALDÉS, C., *Introducción...*, ob. cit., p. 72; NEUMAN, E., *Prisión...*, ob. cit., p. 12; TÉLLEZ AGUILERA, A., *Los sistemas...*, ob. cit., p. 31.

<sup>27</sup> Cfr. NEUMAN, E., *Prisión...*, ob. cit., p. 19.

<sup>28</sup> Cfr. GARCÍA VALDÉS, C., *Introducción...*, ob. cit., pp. 70 e 72.; TÉLLEZ AGUILERA, A., *Los sistemas...*, ob. cit., p. 32.

<sup>29</sup> Sobre a figura do Mariscal Pero Pardo de Cela Vid. AA.VV., *O Mariscal Pardo de Cela e o seu tempo: I Xornadas de Estudos Medievais da Mariña Central: Ciclo de conferencias*, Lugo, Deputación Provincial de Lugo, 2006; MEILÁN GARCÍA, A.X., "O último ano do Mariscal Pero Pardo de Cela: o cerco e a traizón da Frouseira", *Murguía. Revista Galega de Historia*, nº 13, 2007.

<sup>30</sup> Cfr. GARCÍA VALDÉS, C., *Introducción...*, ob. cit., p. 73; TÉLLEZ AGUILERA, A., *Los sistemas...*, ob. cit., p. 32.

<sup>31</sup> Sobre as terribles condicións de vida nas prisións de Estado vid. PELLICO, S., *Mis prisiones*, Madrid, Espasa- Calpe, 1962.

pero que, a pesar diso, posuían condicións de seguranza para evitar a evasión. Así, pois, numerosas torres, fortalezas e castelos foron utilizados como prisión de Estado<sup>32</sup>.

#### b) A prisión eclesiástica

O fenómeno monacal<sup>33</sup> elaborou formulacións e prácticas de peche en cela con finalidades penitenciais e correccionais que imos ver, tempo despois, como inflúen no Dereito Penal e nos postulados institucionais do mundo carcerario. A preferencia da Igrexa por castigos non cruentos, e a crenza na posibilidade de emenda a través do arrepentimento e a oración, fixeron que a pena privativa de liberdade atopase bo acomodo no dereito canónico. Orixinariamente a prisión eclesiástica foi aplicada aos monxes e membros do clero rebeldes ou condenados pola comisión dun delito, aínda que máis tarde estendeuse aos segrares acusados de herexía; e é que a Idade Media caracterizouse polo estreito vínculo que uniu relixión e Estado<sup>34</sup>, propiciando que as sancións relixiosas se estendesen á lexislación civil<sup>35</sup>.



Mosteiro de Alcobaça

<sup>32</sup> Así a famosa Torre de Londres foi orixinariamente un palacio fortificado; a Bastilla de París, unha fortaleza; a Torre do Amorne, tamén en París, un palacio e tesouraría dos templarios; Bicêtre construíuse para residencia episcopal; Os Chumbos serviron de aposentos no Palacio Ducal de Venecia. Cfr. NEUMAN, E., *Prisión...*, ob. cit., p. 19. Sobre a proliferación do uso de torres para estas prisións vid. VON HENTIG, H., *La pena, tomo II*, Madrid, Espasa-Calpe, 1967, pp. 207 y ss. En concreto sobre a Torre de Londres vid. ALBEROLA, G., "La Torre de Londres", *Revista de Estudios Penitenciarios*, nº 67, 1950, pp. 90 e ss.

<sup>33</sup> Aínda que se considera a Basilio de Cesarea o pai do monacato, a orixe dos primeiros mosteiros parece estar relacionada cos cenobios e cenobitas, palabras que designan a vida comunitaria presidida pola soidade nas celas. Esta práctica foi introducida no occidente cristián por Pacomio, discípulo do anacoreta Palemón de Exipto. O movemento monacal estendeuse por Europa entre os séculos IV a VI. San Agostiño fundará mosteiros en Hipona, o monxe Gregorio I o Magno, posteriormente nomeado Papa, transformou o seu palacio siciliano en convento. Outros mosteiros construíranse por bispos e diáconos en Marsella, Arlés, Milán e as Illas Británicas. Cfr. LEAL MEDINA, J., *La historia de las medidas de seguridad*, Cizur Menor, Aranzadi, 2006, p. 75.

<sup>34</sup> Desde o século IV aos bispos fóronlles recoñecidas facultades xurisdiccionais non só para os asuntos estritamente eclesiásticos, senón tamén para os de natureza civil e, mesmo criminal. A competencia dos tribunais episcopais podía vir dada pola submisión voluntaria das partes, xa que se consideraba que a episcopal audientia era máis imparcial que outras instancias xudiciais, ou por razón da persoa. En virtude do privilegium fori os bispos eran competentes para coñecer de todas aquelas causas, temporais ou espirituais, nas que estivesen involucrados eclesiásticos de calquera condición. Por unha extensión abusiva deste privilexio, consideráronse sometidos á xustiza eclesiástica os familiares dos clérigos, así como todos aqueles que estaban en relación de dependencia con respecto ao aforado (criados, amas, cultivadores). Vid. SÁNCHEZ-ARCILLA BERNAL, J., *Historia del Derecho. I. Instituciones político-administrativas*, Madrid, Dykinson, 1995, pp. 711-713.

<sup>35</sup> Segundo Schiappoli a influencia do dereito canónico sobre o dereito común exercece en dúas direccións. Por unha banda é obvio que a penitencia, que implica o encerro durante un certo tempo a fin de purgar a falta, pasa ao dereito secular convertida en sanción privativa de liberdade represiva dos delitos comúns. Pero, por outra banda, a pena, do mesmo xeito que a penitencia, non perde o seu sentido vindicante. En palabras do citado autor: "A pena ou penitencia tende a reconciliar ao peccador coa divindade, pretende espertar o arrepentimento no ánimo do culpable, pero de aí non se segue que deixe de ser unha expiación e un castigo". Vid. SCHIAPPOLI, D., *Diritto penale canonico*, en *Enciclopedia Pessina, vol. I*, Milán, Soc. Editrice Libreria, 1905. Cfr. NEUMAN, E., *Prisión...*, ob. cit., pp. 17-18.

Neste tempo a forma principal de execución da prisión eclesiástica era a denominada *detrusio in monasterium*, consistente na reclusión do monxe ou do clérigo nunha cela disposta para iso. En ocasións ficaba situada nunha á particular do convento e noutras formando un edificio autónomo chamado *carcer* ou *ergastulum*<sup>36</sup>. Este era o marco no que o penado debía purgar o seu pecado a través da lectura dos textos sacros, polo que se lle sometía a un total illamento, acompañado de duras disciplinas e xaxúns, e onde, no mellor dos casos, permitíase a realización de traballos manuais<sup>37</sup>. Os herexes<sup>38</sup> eran castigados a permanecer nas prisións episcopais, podendo ser sometidos, en función da gravidade do delito cometido, ben a un réxime común, denominado *murus largus*, ou ben a un réxime celular que recibía o nome de *murus arctus* ou *arctissimus*<sup>39</sup>.

Aínda que o cárcere canónico apártase dos cruentos castigos corporais típicos do Dereito penal da Idade Media, os seus reclusos continuaban a sufrir tanto física como psiquicamente, mais estes padecementos non se escenificaban nin se amosaban ao pobo en forma de macabro espectáculo, como si facía o Dereito Común. Neste contexto de ocultación da crueldade do castigo aos ollos da poboación, no século XII, a Igrexa creou unha nova modalidade de encerro denominado *vade in pace*. Consistía na reclusión e abandono do reo en masmorras ou mesmo en pozos até a súa morte. Ao ultrapasar o limiar destes lugares o penado era despedido coa locución "*vade in pace*" ("*vai en paz*"), sendo estas as últimas verbas que ouviría, pois a deshidratación e a fame acabarían axiña coa súa vida<sup>40</sup>.

## A Idade Moderna

### A crise dos modelos punitivos tradicionais

O elemento definitorio da Idade Moderna é o seu carácter transformador, paulatino, mais decisivo, das estruturas propias da Idade Media. Os principais fenómenos asociados a esa época víñanse xestando dende moito antes, sendo no período abranguido entre os séculos XV e XVI cando confluíron para crear unha etapa histórica nova. As variacións producíronse simultaneamente en distintas áreas que se retroalimentaban: no económico, co desenvolvemento do capitalismo; no político, coa aparición dos Estados-nación e das Monarquías Absolutas; no relixioso, coa Reforma Protestante; e no filosófico, co Humanismo, co que xorde unha filosofía secular que substitúe á Escolástica medieval e proporciona un novo concepto de ser humano e de sociedade<sup>41</sup>.

---

<sup>36</sup> Cfr. GARRIDO GUZMÁN, L., *Manual...*, ob.cit., p. 75; NEUMAN, E., *Prisión...*, ob. cit., p. 18; TÉLLEZ AGUILERA, A., *Los sistemas...*, ob. cit., p. 33.

<sup>37</sup> Cfr. GARRIDO GUZMÁN, L., *Manual...*, ob. cit., p. 79. GARCÍA VALDÉS, C., *Introducción...*, ob. cit., p. 74.

<sup>38</sup> A partir do século XIII a persecución de herexes adquire especial relevo en toda Europa. A igrexa crea uns tribunais itinerantes cuxa principal función era a de inquirir, de oficio ou a instancia de parte, sobre aquelas persoas que se presumía que realizaban prácticas heréticas. Cfr. SÁNCHEZ-ARCILA, J., *Historia...* ob. cit., p. 713.

<sup>39</sup> Cfr. NEUMAN, E., *Prisión...*, ob. cit., p. 18.

<sup>40</sup> Cfr. NEUMAN, E., *Prisión...*, ob. cit., p. 16; TÉLLEZ AGUILERA, A., *Los sistemas...*, ob. cit., p. 34.

<sup>41</sup> Vid. GARCÍA VALDÉS, C., *Introducción...*, ob.cit., p. 75; TÉLLEZ AGUILERA, A., *Los sistemas...*, ob. cit., p. 35.



Todos estes cambios terán o seu reflexo nos sistemas punitivos, que deben dar resposta a necesidades e problemas descoñecidos até ese momento<sup>42</sup>. O modelo sancionador herdado da Idade Media unicamente funcionaba en sociedades cun baixo nivel de desenvolvemento das relacións mercantís e compostas maioritariamente por poboación rural. As esixencias de seguranza das clases medias urbanas e da alta burguesía puxeron en evidencia a esclerotización da xustiza penal e a imperiosa necesidade da súa modernización<sup>43</sup>.

A reclusión comeza a mostrarse como a sanción penal que mellor se adapta aos novos tempos.

Seguindo a García Valdés<sup>44</sup> as motivacións que favoreceron o inicio desta evolución cara a instauración da pena privativa de liberdade poden clasificarse en tres grupos:

a) Motivación de política criminal

A crise do modo de vida feudal, o declive da economía agrícola, a expansión dos núcleos urbanos e as guerras que arrasaban Europa propiciaron que a partir de finais do século XV e principios do XVI aparecen le-xións de delinquentes, formadas na súa maioría por vagabundos, marxinais e mendicantes<sup>45</sup>. As Monarquías Absolutas, e as estruturas político-relixiosas que as secundaban, viron como se puña en perigo a paz social e con ela a conservación dos Estados modernos. Ante esta situación o sistema penal tradicional tórnase inservíbel. Por iso os Monarcas, os Concellos e a Igrexa comezan a elaborar políticas de



<sup>42</sup> Vid. WEISSER, M.R., *Criminalità e repressione nell'Europa moderna*, Bolonia, Il Mulino, 1989.

<sup>43</sup> Vid. TOMÁS Y VALIENTE, F., *Códigos y Constituciones*, Madrid, Alianza Editorial, 1989, pp. 115-116.

<sup>44</sup> Vid. GARCÍA VALDÉS, C., *Introducción...*, ob.cit., pp. 75 y ss.

<sup>45</sup> Vid. RUSCHE G./ KIRCHHEIMER O., *Pena y estructura social*, Bogotá, Temis, 1984, pp. 10-14.

<sup>46</sup> Nos séculos XVI, XVII e XVIII a potestade lexislativa dos monarcas absolutos non atopa límite algún. O dereito criminal, como instrumento en mans do soberano, adquire especial relevo a fin de reprimir os considerados como inimigos do Estado. Dende a perspectiva das categorías actualmente aplicadas, podería afirmarse que se trataba dunha sorte de Dereito Penal de autor, no que a personalidade, o carácter, a aparencia ou a condición social da persoa son a premisa determinante da persecución e da sanción. Os protagonistas desta nova política criminal foron toda clase de marxinais, entendendo por tales a aqueles suxeitos contrarios á orde moral, relixiosa e política instaurada (herexes, xudeus, vagabundos, esmoleiros, xitanos, alcohólicos, prostitutas). A través de diversas pragmáticas, reais ordenanzas e leis especiais ordenáronse expulsións e pechos masivos dos declarados como persoas *non gratas* ao Estado. Vid. LEAL MEDINA, J., *La historia...*, ob. cit., pp. 169 e ss.; PINA-FUSTER, R., *Embriaguez, Alcoholismo y Derecho Penal*, Barcelona, Bosch, 2000. Cfr. OLIVER OLMO, P., *Cárcel...*, ob. cit., p. 89.

control dunha pobreza cada día máis visíbel<sup>46</sup>; así na Europa dos séculos XVI e XVII prodúcese un fenómeno de gran reclusión de esmoleiros (ao que Foucault, séculos máis tarde, denominaría como “o gran encerro”<sup>47</sup>). Os cárceres, alén da súa función cautelar, comezan a desempeñar outra de tipo segregativo respecto de certos grupos de individuos considerados como perigosos polos detentadores do poder<sup>48</sup>.

## b) Motivación penolóxica

As Monarquías Absolutas eran conscientes da súa propia incapacidade para a represión eficaz dos delitos. Esta situación induciu a empregar un modelo de penalidade discontinua, puntual e espectacular, na que o corpo torturado do condenado servía como recordatorio do poder do Soberano. O axustizamento de delinquentes en toda a Europa moderna, seguindo un ritual coidadosamente manexado polas autoridades, presentaba na práctica a idea de que o delito podía ser duramente castigado<sup>49</sup>. Este mecanismo punitivo entrou en crise a partir do século XVI. Malia a publicitación das penas observouse como a criminalidade foi en aumento, sen que as penalidades corporais ou a morte fornecesen un efecto intimidatorio sobre os delinquentes. Este fenómeno puido deberse a dous factores: dunha banda, a habitualidade coa que a poboación asistía ás execucións públicas das devanditas sancións conduciu a unha insensibilización da sociedade ante o sufrimento dos condenados. Doutra, a ausencia de proporcionalidade entre o delito e a pena, característica do dereito punitivo desa época, permitía castigar coa mesma crueldade os delitos graves e os leves, polo que, ante a existencia do mesmo risco, os delinquentes decantábanse por aquelas infraccións que lles resultasen máis proveitosas<sup>50</sup>.

---

<sup>47</sup> Vid. FOUCAULT, M., *Historia de la locura*, México, Fondo de Cultura Económica, 2000.

<sup>48</sup> Este fenómeno tivo reflexo nos cárceres, pero tamén noutras institucións que obedecían a idénticas finalidades segregativas, como hospitais, hospicios e albergues para pobres. Os primeiros centros aludidos tiveron como modelo os hospitais cristiáns nos que se recluíu aos individuos desamparados ou enfermos. Os chamados hospitais xerais asumiron funcións terapéuticas e carcerarias. Os hospicios servían para o internamento tanto de pobres como de enfermos mentais, nenos, mozos e mozas rebeldes ou mulleres *recolleitas*. Nestes centros combinábase a finalidade segregativa cos fins correccionais e de asistencia. En principio estes establecementos, precedentes das casas de corrección, foron dirixidos pola Igrexa, que tras a peste do século XIV orientou a súa preocupación cara os sectores marxinais da sociedade. O seu obxectivo era apartar da sociedade a aqueles individuos improdutivos ou perigosos, á vez que se tentaba modificar a súa conduta inculcándolles a disciplina do traballo. As persoas alí recluídas ocupaban o seu tempo en diversas tarefas produtivas como as manufacturas de seda ou esparto. Vid. CARASA SOTO, P., *Historia de la Beneficiencia en Castilla y León. Poder y pobreza en la sociedad castellana*, Valladolid, Universidad de Valladolid, 1991; GARRIDO GUZMÁN, L., “Orientaciones político-criminales en el tratamiento penitenciario de la enajenación mental”, en *Libro homenaje al profesor Don Juan del Rosal*, Madrid, EDERSA, 1993, p. 578; GÓMEZ GRILLO, E., “Acercas de la teoría y la realidad en el tratamiento de los delinquentes”, en *Libro homenaje al profesor Don Juan del Rosal*, Madrid, EDERSA, 1993, p. 648; LEAL MEDINA, J., *La historia...*, ob. cit., pp. 190-217; MORICOLA, G., *L'industria della carità. L'Albergo dei Poveri nell'economia e nelle società napoletana tra '700 e '800*, Napoli, Liguori editore, 1994; OLIVER OLMO, P., *Cárcel...*, ob. cit., p. 89; TRINIDAD FERNÁNDEZ, P., *La defensa de la sociedad. Cárcel y delincuencia en España (siglos XVII-XX)*, Madrid, Alianza, 1991, p. 32 e ss.

<sup>49</sup> Vid. FOUCAULT, M., *Vigilar y castigar. Nacimiento de la prisión*, Madrid, Siglo XXI, pp. 11-74.

<sup>50</sup> Vid. TOMÁS Y VALIENTE, F., *El Derecho Penal en la Monarquía Absoluta (siglos XVI-XVII-XVIII)*, Madrid, Tecnos, 1969, pp. 357-361.

### c) Motivación socio-económica

O factor socio-económico tivo grande importancia no estudo da orixe da pena de prisión, pois toda unha corrente doutrinal colocouno como punto neurálxico do seu nacemento. A formulación que iniciaron Marx e Engels influíu nos historiadores da privación de liberdade, aínda que ampliada sobre todo tras o impacto da obra de Foucault<sup>51</sup>. Seguindo os postulados marxistas do Dereito, elaborados no seu día por Pashukanis<sup>52</sup>, e os da historia da criminalidade, estudados por Rusche e Kirchheimer<sup>53</sup> nos anos trinta, ou máis recentemente por Melossi e Pavarini<sup>54</sup>, os partidarios desta corrente buscan e explican a relación da penalidade cos distintos modos de produción. Desde ese punto de vista, a pena de prisión nacería ao *socaire* da extensión do modo de produción capitalista. O seu antecedente inmediato serían as *casas de corrección e traballo* construídas en Holanda, en Inglaterra e despois noutros países, desde o século XVI en diante, para adestrar as masas de vagabundos expulsadas do campo, a fin de convertelos na forza de traballo que a burguesía necesitaba.

### Aparición de novas penas

As tres clases de motivacións que vimos de citar deron pé a que desde o século XVI xurdisen unha serie de novas penas, nas que algúns autores quixeron apreciar os antecedentes da actual pena de prisión. No entanto, como se verá a continuación, o confinamento de condenados en determinados lugares, implícito nestas novas modalidades punitivas, non sempre estivo relacionado coa imposición da privación de liberdade como sanción. Nesta liña podemos mencionar:

#### a) As galeras

O incremento da necesidade de defensa marítima das Monarquías, motivada ben pola loita contra a pirataría e a protección do comercio, ben por cuestións bélicas, provocou un aumento da demanda de man de obra<sup>55</sup>. Os traballadores libres e os escravos non resultaban suficientes, polo que condenados á morte, a penas corporais ou a desterro, así como as persoas consideradas marxinais ou improdutivas (vagabundos, pobres, esmoleiros, xitanos, mouriscos) foron obrigados a servir como remeiros nas frotas dos Monarcas Absolutos<sup>56</sup>, converténdose os galeotes reais nun lugar de confinamento. No entanto, neste caso o encerro dos condenados obedecía máis ao réxime da sanción que á súa esencia<sup>57</sup>.

<sup>51</sup> Vid. FOUCAULT, M., *Vigilar...*, ob. cit.

<sup>52</sup> Vid. PASHUKANIS, E.V., *Teoría general del derecho y marxismo*, Barcelona, Labor, 1976.

<sup>53</sup> Vid. RUSCHE, G./KIRCHHEIMER, O., *Pena y estructura social...*, ob. cit.

<sup>54</sup> Vid. MELOSSI, D./PAVARINI, M., *Cárcel y fábrica. Los orígenes del sistema penitenciario (siglos XVI-XIX)*, México, Siglo XXI, 1987.

<sup>55</sup> Cfr. OLIVER OLMO, P., *Cárcel...*, ob. cit. p. 116; RUSCHE, G./KIRCHHEIMER, O., *Pena...*, ob. cit. p. 66; TOMÁS Y VALIENTE, F., *El Derecho penal...*, ob. cit., p. 390; VIADER VIVES, A., *Historia...*, ob. cit., pp. 230-231.

<sup>56</sup> Esta práctica ten a súa orixe no dereito penal romano, que permitía que certos condenados fosen empregados como remeiros ("remiges"). Cfr. GONZÁLEZ SERRANO, P., "La arqueología de las cárceles romanas", en TORALLAS TOVAR, S. y PÉREZ MARTÍN, I. (editores), *Castigo y reclusión...*, ob. cit., p. 166.

<sup>57</sup> Cfr. TÉLLEZ AGUILERA, A., *Los sistemas...*, ob. cit., p. 43 (n. 83).

O núcleo desta modalidade punitiva radicaba en forzar os reos a traballar nos barcos, para o que a retención dentro das naves era indispensable, por iso a privación de liberdade non pode ser entendida, neste caso, como cerne do castigo<sup>58</sup>.

A pena de galeras foi produto do utilitarismo que presidiu a nova orde sancionadora das Monarquías Absolutas. Pasouse dun esquema de penalidade de carácter puramente físico ou infamante, practicado na Idade Media, a outro baseado no emprego dos condenados como man de obra ao servizo dos intereses dos Estados. Tratábase, en definitiva, de lograr un sufrimento produtivo a través do cal fose posible inflixir ao transgresor dunha norma penal unha dor física que, á vez, resultara beneficiosa polo emprego do seu traballo<sup>59</sup>.

#### b) Os presidios

A condena *a presidio* estivo dirixida nos seus primeiros momentos exclusivamente cara o estamento nobiliario, en equivalencia á de galeras para a poboación plebea. Consistía en servir coas armas nas campañas militares que se desenvolvían nas prazas coloniais norteafricanas e europeas. Durante o século XVII esta pena fíxose extensiva aos delinquentes do común<sup>60</sup>. Os avances nas técnicas de navegación determinaron a desaparición da pena de galeras. En substitución desta e en atención ás novas necesidades do Estado creáronse os presidios de arsenais. Neles os penados eran obrigados a traballar nas grandes bombas de achique dos portos e peiraos<sup>61</sup>. As novas demandas económicas motivaron que o traballo dos presidiarios se diversificara, xurdindo deste xeito os presidios de obras públicas. Os reos eran obrigados a traballar na construción de estradas e de canles, no empedrado das rúas, na tala de bosques e en toda clase de servizos públicos<sup>62</sup>. Do mesmo xeito que a pena de galeras, os presidios dan mostra de como na Idade Moderna a política penal estivo moi relacionada coas necesidades económicas e defensivas dos Estados<sup>63</sup>.

Esta sanción non pode ser considerada como un antecedente inmediato da prisión actual. A esencia desta pena reside en forzar o traballo dos condenados en diversas actividades de utilidade para o Estado e non na privación da súa liberdade. Neste caso, o confinamento preséntase como un medio idóneo para asegurar a execución deste castigo, o cal podería entenderse como unha modalidade de traballos forzados.

---

<sup>58</sup> Cfr. RUSCHE, G./ KIRCHHEIMER, O., *Pena...*, p. 65.

<sup>59</sup> Cfr. BURILLO ALBACETE, F. J., *El nacimiento de la pena privativa de libertad*, Madrid, EDESA, 1999, p. 19.

<sup>60</sup> Os avances introducidos na navegación motivaron que a pena de galeras quedara desfasada. Os reos que cumprían dito castigo foron destinados aos presidios militares e arsenais. Cfr. NEUMAN, E., *Prisión...*, ob. cit., pp. 26-27.

<sup>61</sup> Cfr. NEUMAN, E., *Prisión...*, ob. cit., p. 26.

<sup>62</sup> Vid. NEUMAN, E., *Prisión...*, ob. cit., pp. 28-29.

<sup>63</sup> Cfr. OLIVER OLMO, P., *Cárcel...*, ob. cit., pp. 116-117. A aplicación das penas de galeras e de presidios encádranse no denominado por Neuman como "período da explotación", no cal a privación de liberdade é un medio para asegurar a utilización dos condenados en traballos penosos. Cfr. NEUMAN, E., *Prisión...*, ob. cit., p. 9.

## c) As casas de traballo e as casas de corrección

Estes establecementos, malia a súa diferente denominación, tiñan entre as súas finalidades a *transformación*<sup>64</sup> do delincuente. Con eles déronse os primeiros pasos para substituír os sistemas punitivos baseados en castigos crueis, que perseguen exclusivamente finalidades de prevención xeral, por outros que pretenden a emenda do penado<sup>65</sup>, cando menos en teoría. A diferenza da pena de galeras ou dos presidios, a actividade laboral dos internos non constituía o núcleo do castigo, senón que se derivaba do réxime destes centros<sup>66</sup>. A través da reclusión, impúñase un sistema de vida baseado no traballo duro e certo labor moralizador<sup>67</sup>, que perseguía disciplinar e corrixir os individuos. Por iso podemos considerar antecedente inmediato da actual pena de prisión as casas de traballo e as casas de corrección<sup>68</sup>.

Estas últimas institucións tiñan como referencia inmediata as casas de misericordia<sup>69</sup>, utilizadas como medio de segregación de empobrecidos e vagabundos, que eran obrigados a ocupar o seu tempo de encerro en tarefas produtivas. Menciónase como o máis antigo destes establecementos a *House of correction*<sup>70</sup>, situada en Bridewell (Londres) e fundada en 1555. Pouco despois apareceron outras institucións similares, establecidas nas cidades inglesas de Oxford, Salisbury, Gloucester e Norwich<sup>71</sup>. Nestes centros internábase aos “vagos”, esmoleiros, mozos díscolos e prostitutas, é dicir, a escala máis débil no mundo da criminalidade, para os someter a un tratamento de reforma. O desenvolvemento destes *bridewells* non foi considerábel, debido a problemas económicos que impediron o seu total desenvolvemento e que propiciaron a súa substitución, na segunda metade do século XVII, polas denominadas *workhouses* que acadarían un maior éxito<sup>72</sup>.

No referente ás casas correccionais, Holanda foi un punto importante no seu desenvolvemento. En 1596 e 1597 creáronse en Ámsterdam as *Tuchthuisen*. Os homes eran destinados á denominada *Rasphuis*, en referencia á ocupación dos internos, consistente no raspado de madeiras para a extracción de colorante. As mulleres eran recluídas na chamada *Spinhuys* ou *casa de fiado*. En 1603 construíuse un terceiro establece-

<sup>64</sup> Aínda que estes establecementos presentaban como novidade a inclusión da prevención especial positiva entre os seus obxectivos, o certo é que neles tamén se pode apreciar unha explotación do traballo dos internados en beneficio do Estado. Vid. RUSCHE, G. e KIRCHHEIMER, *Pena...*, ob. cit. pp. 76 e ss.

<sup>65</sup> Vid. LEAL MEDINA, J., *Historia...*, ob. cit., p. 192.

<sup>66</sup> Cfr. TÉLLEZ AGUILERA, A., *Los sistemas...*, ob. cit., p. 43.

<sup>67</sup> idea protestante de que o sufrimento, derivado do duro traballo, tiña un poder redentor da alma do delincuente está presente nestes establecementos. Por iso, alén da actividade laboral, aplicábanse técnicas de adoutrinamento relixioso e moral. Cfr. GARCÍA VALDÉS, C., *Introducción...*, ob. cit., pp. 78-79; LEAL MEDINA, J., *Historia...*, ob. cit., p. 192.

<sup>68</sup> Cfr. LEAL MEDINA, J., *Historia...*, ob. cit., p. 193; TÉLLEZ AGUILERA, A., *Los sistemas...*, ob. cit., p. 41.

<sup>69</sup> Cfr. LEAL MEDINA, J., v. ob. cit., p. 191; OLIVER OLMO, P., *Cárcel...*, ob. cit., pp. 100-101.

<sup>70</sup> Cfr. GARCÍA VALDÉS, C., *Introducción...*, ob. cit., p. 77; NEUMAN, E., *Prisión...*, ob. cit., p. 20; RUSCHE, G. y KIRCHHEIMER, O., *Pena...*, ob. cit., p. 47.

<sup>71</sup> Cfr. TÉLLEZ AGUILERA, A., *Los sistemas...*, ob. cit., p. 41.

<sup>72</sup> En 1697 aparece a primeira *workhouse* de Inglaterra en Bristol, outra establécese en Worcester en 1703 e unha terceira o mesmo ano en Dublín, contándose con vinte e seis a finais de século. Cfr. TÉLLEZ AGUILERA, A., ob. cit., p. 41.

mento dedicado aos mozos rebeldes, entregados para a súa reforma polos seus propios pais e familiares<sup>73</sup>. A influencia destas institucións holandesas deixouse sentir por toda Europa. Así pois, en Bélxica creouse a *Maison de Force* de Ghent, no Castelo de Gerard le Diable, onde os reclusos traballaban no raspado de madeira, establecéndose un peculio que se lles pagaba cando recuperasen a liberdade. En Suíza erixiuse o *Shellenwerke*, baixo o principio de traballo continuo e útil, eliminando o tormento ineficaz<sup>74</sup>.

### A influencia da ilustración

O pensamento ilustrado, baseado na racionalidade e no emprego do método científico, formulou novos modos de organizar a sociedade e de lograr o acatamento das normas sobre as que esta se asenta. Os principios básicos da filosofía ilustrada atópábanse en aberta oposición ás leis penais do Antigo Réxime: a secularización era incompatíbel cun Dereito sancionador fortemente influenciado pola relixión; o racionalismo non podía concibir un castigo arbitrario e desproporcionado; o utilitarismo reclamaba que a condena tivera un beneficio social e o humanismo rexeitaba a crueldade punitiva imperante<sup>75</sup>.

O modelo punitivo aplicado até ese momento resultou ineficaz á hora de reprimir e diminuír a delincuencia. Todo aparato represivo está ao servizo dun determinado poder e responde ás súas características. No Antigo Réxime ese poder era persoal e carente de solidez, sendo o seus castigos espectaculares e sanguinarios, mais tamén discontinuos, xa que non existía un control suficiente sobre os súbditos. Os ilustrados defenderon unha nova concepción do poder e por extensión do castigo. O propio Montesquieu falaba dun poder impersoal e omnipresente. O dereito a castigar deixou de ser unha sorte de vinganza do soberano, posta en escena con suma teatralidade, para pasar a ser un medio de garantir a continuidade do orde establecido a través de formas sobrias e sutís<sup>76</sup>.

Para a Ilustración tres eran as finalidades que deberían perseguir as penas<sup>77</sup>: 1) a prevención xeral, é dicir, a intimidación da poboación a fin de disuadila da posibilidade de vulnerar as leis; 2) a prevención especial, isto é, a inocuización e reforma do delincuente; 3) a reparación, consistente na obriga do reo de restituír ou de indemnizar o dano causado á

<sup>73</sup> Cfr. DE LA CUESTA ARZAMENDI, J.L., *El trabajo penitenciario resocializador*, San Sebastián, Caja de Ahorros Provincial, 1982. pp. 41 e ss.; “Cárcel y actividad laboral: el derecho de los presos a un trabajo penitenciario resocializador”, en AA.VV., *Derecho Penitenciario y Democracia*, Sevilla, Fundación El Monte, 1994, p. 243. FOUCAULT, M., *Vigilar...*, ob. cit., pp. 125 e ss; GARCÍA VALDÉS, C., *Introducción...*, ob. cit. p. 79. ROLDÁN BARBERO, H., *El dinero, objeto fundamental de la sanción penal*, Madrid, Akal, 1983, p. 15. RUSCHE, G./KIRCHHEIMER, O., *Pena...*, ob.cit., pp. 46 y ss., 73 y ss., 99 y ss.; TÉLLEZ AGUILERA, A., *Nuevas penas y medidas alternativas a la prisión*, Madrid, Edisofer, 2005, p. 114.

<sup>74</sup> Cfr. GARCÍA VALDÉS, C., “Historia de la prisión”, en *Temas de Derecho Penal*, Madrid, Universidad Complutense, 1992.

<sup>75</sup> Vid. PRIETO SANCHÍS, L. “La filosofía penal en la Ilustración española”, en *Homenaje al profesor Marino Barbero Santos in memoriam*, Cuenca, Ediciones de la Universidad de Castilla La Mancha, 2001, p. 489.

<sup>76</sup> Vid. FRAILE, P., “El castigo y el poder. Espacio y lenguaje de la cárcel”, *Cuadernos Críticos de Geografía Humana*, nº 57, Barcelona, Universidad de Barcelona, 1985.

<sup>77</sup> Vid. PRIETO SANCHÍS, L. *La filosofía penal...*, ob. cit, p. 492.

sociedade, a través do seu traballo<sup>78</sup>. Neste sentido o ilustrado galego Padre Sarmiento expresaba o seu rexeitamento á pena de morte en base ao seguinte argumento: “...*por malvado que sexa un home será máis útil vivo que morto para a sociedade...*”<sup>79</sup>.

Os castigos cruentos non resultaban acaídos para a consecución dos anteriores obxectivos, porén, a privación de liberdade presentábase como o medio máis efectivo. Era un castigo divisíbel até o infinito, polo que respondía ás esixencias do principio de proporcionalidade da pena co delito cometido. Actuaba de forma suave, cando menos en aparencia, sobre o corpo do condenado á vez que ofrecía grandes posibilidades de dobrear a súa vontade, cumprindo deste xeito co fin de prevención especial e respectando os postulados derivados do humanitarismo ilustrado. En canto ao efecto disuasorio respecto das inclinacións delituosas da poboación (prevención xeral), o Marqués de Beccaría, unha das figuras máis relevantes da reforma xurídico penal levada a cabo pola Ilustración, sinalaba:



Forte coruñés de San Antón

*“Non é a intensidade da pena o que fai maior efecto sobre o ánimo humano, senón a súa duración (...). Non é o terríbel pero pasaxeiro espectáculo da morte dun criminal, senón o longo e penoso exemplo dun home privado de liberdade que convertido en besta de servizo recompensa coas súas fatigas a sociedade que ofendeu, o que constitúe o freo máis forte contra os delitos”*<sup>80</sup>.

Deste xeito a privación de liberdade deixa de ser un medio do Estado para asegurar a presenza do acusado no proceso xudicial e a efectividade da futura condena para se converter na pena por excelencia. A xeografía de toda Europa comeza a encherse de edificacións destinadas a execución da nova pena. Nuns casos afróntase a construción de novas estruturas penitenciarias, noutros aprovéitanse inmóbeis destinados en principio a outros usos. Neste último suposto atópase o Castelo de San Antón<sup>81</sup>, sito na cidade da Coruña e que dende o século XVI viña tendo funcións defensivas. A partir de comezos do século XVIII o castelo será empregado como lugar de reclusión, albergando como reos, entre outros, a Malaspina, Melchor Macanaz, o xeneral Villarroel e o mariscal de campo Díaz Porlier, líder dun pronunciamento liberal-progresista naquel altura.

<sup>78</sup> Vid. PRIETO SANCHÍS, L. *La filosofía penal...*, ob.cit., p. 492.

<sup>79</sup> Vid. PRIETO SANCHÍS, L. *La filosofía penal...*, ob. cit, p. 499.

<sup>80</sup> Cfr. BECCARIA, C., *De los delitos y las penas (1764)*, Madrid, Aguilar, 1979, pp. 116-117.

<sup>81</sup> Vid. AA.VV, *Inauguración del Museo Histórico-arqueológico de La Coruña: castillo de San Antón: La Coruña, 5 de octubre de 1968*, A Coruña, Patronato del Museo Histórico-arqueológico de La Coruña, 1968.

## Epílogo

Nos seguintes séculos (XIX, XX e XXI) a prisión irase perfeccionando e adaptando aos novos tempos. Xurdirán numerosas teorías e prácticas arredor da reclusión: dende as relativas ao xeito máis acaído de organizar a vida en prisión ate as que se preocupan pola arquitectura carceraria. Boa proba disto son os diferentes sistemas penitenciarios xurridos a partir de finais do século XVIII (pensylvánico, auburniano, sistemas progresivos...), así como o modelo arquitectónico-organizativo creado por Bentham (o Panóptico) ou os máis recentes modelos radiais, de estrela, horizontais, etc..

O cárcere foi e é o castigo principal en todas as formas de goberno. Podemos observar a aplicación da privación de liberdade polos réximes intitulados democráticos, enfocada cara o control da delincuencia e a reinserción social do penado, cando menos formalmente. Ao mesmo tempo, temos asistido a terríbeis episodios de represión ditatorial nos que os defensores das liberdades máis esenciais de todo ser humano foron reprimidos e, en moitos casos, eliminados fisicamente ou anulados socialmente mediante o seu encerro en establecementos prisionais; sen ir máis lonxe, no noso país após o golpe militar reaccionario de 1936 foron encarcerados miles de demócratas. E é que a prisión non deixa de ser, dende o seu nacemento, un medio ao servizo do poder sexa este último da orixe ou lexitimidade que for.

## Bibliografía

AA.VV, *O Mariscal Pardo de Cella e o seu tempo : I Xornadas de Estudos Medievais da Mariña Central: Ciclo de conferencias*, Lugo, Deputación Provincial de Lugo, 2006.

ALBEROLA, G., “La Torre de Londres”, *Revista de Estudios Penitenciarios*, nº 67, 1950.

BALZARINI, M., “Il problema della pena detentiva nella tarda Repubblica: alcune aporie”, en *Il problema della pena criminale tra filosofia greca e diritto romano: atti del Deuxième Colloque de Philosophie Pénale: Cagliari, 20-22 aprile 1989 / a cura di Oliviero Filiberto*, Napoli, Jovene, 1993.

BELLOMO, M., *Scienza do diritto e società medievale*, Roma, Il Cigno Galileo Galilei, 1997.

BRASIELLO, U., *La repressione penale in diritto romano*, Napoli, Eugenio Jovene, 1937.

CANTARELLA, E., *Los suplicios capitales en Grecia e Roma: orígenes y funciones de la pena de muerte en la antigüedad clásica*, Torrejón de Ardoz, Akal, 1996.

CARASA SOTO, P., *Historia de la Beneficiencia en Castilla y León. Poder y pobreza en la sociedad castellana*, Valladolid, Universidad de Valladolid, 1991.



- CORTESE, E., *Il diritto nella storia medievale. I, L'Alto medioevo*, Roma, Il Cigno Galileo Galilei, 1996. CROSBY, M., "The Poros Building", *Hesperia*, nº 20, 1951.
- CUELLO CALÓN, E., *La moderna penología (Represión del delito y tratamiento de los delincuentes. Penas y medidas. Su ejecución)*, tomo I, Barcelona, Bosch, 1958.
- DE DOMINICIS, A., *Coercitio*, en *Novissimo Digesto Italiano*, AZZARA, A., EULA, E.,(dir), vol. III., Torino, Unione Tipografico- Editrice Torinese, 1958-1987.
- DEL PRETE, P., *La responsabilità dello schiavo nel diritto penale romano*, Roma, L'erma di Bretschneider, 1972.
- El Digesto de Justiniano*, versión castellana de D'ORS, A. et alt., Pamplona, Aranzadi, 1968-1975.
- FOUCAULT, M., *Historia de la locura*, México, Fondo de Cultura Económica, 2000.
- GACTO FERNÁNDEZ, E., ALEJANDRE GARCÍA, J.A., GARCÍA MARTÍN, J.M., *El derecho histórico de los pueblos de España, temas para un curso de Historia del Derecho*, Madrid, Publicaciones de la Facultad de Derecho, Universidad Complutense, 1982.
- GARCÍA VALDÉS, C., *Introducción a la penología*, Madrid, Instituto de Criminología de la Universidad Complutense, 1981
- GARNSEY, P., *Social status and legal privilege in the Roman Empire*, Oxford, Oxford University Press, 1970.
- GARRIDO GUZMÁN, L., "Orientaciones político-criminales en el tratamiento penitenciario de la enajenación mental", en *Libro homenaje al profesor Don Juan del Rosal*, Madrid, EDERSA, 1993.
- GARRIDO GUZMÁN, L., *Manual de ciencia penitenciaria*, Madrid, Instituto de Criminología de la Universidad Complutense de Madrid, 1983.
- GÓMEZ GRILLO, E., "Acerca de la teoría y la realidad en el tratamiento de los delincuentes", en *Libro homenaje al profesor Don Juan del Rosal*, Madrid, EDERSA, 1993.
- GONZÁLEZ SERRANO, P., "La arqueología de las cárceles romanas", en TORALLAS TOVAR, S. e PÉREZ MARTÍN, I. *Castigo y reclusión en el mundo antiguo*, Madrid, CSIC, 2003.
- GONZÁLEZ SERRANO, P., "La arqueología de las cárceles romanas", en TORALLAS TOVAR, S. e PÉREZ MARTÍN, I. *Castigo y reclusión en el mundo antiguo*, Madrid, CSIC, 2003.
- LEAL MEDINA, J., *La historia de las medidas de seguridad*, Cizur Menor, Aranzadi, 2006.

- LOVATO, A., *Il carcere nel diritto penale romano: dai Severi a Giustiniano*, Bari, Cacucci, 1994.
- MACKENZIE, M.M., *Plato on punishment*, Los Ángeles, University of California Press, 1981.
- MEILÁN GARCÍA, A.X, “O último ano do Mariscal Pero Pardo de Cela: o cerco e a traizón da Frouseira”, *Murguía*, nº 13, 2007.
- MELOSSI, D./PAVARINI, M., *Cárcel y fábrica. Los orígenes del sistema penitenciario (siglos XVI-XIX)*, México, Siglo XXI, 1987.
- MESSANA, M.A., “Riflessioni storico-comparative in tema de carcerazione preventive (a proposito di D. 48, 19, 8, 9-Ulp. De off. Proc.)”, *Annali Palermo*, nº 41, 1991.
- MOMMSEN, T., *El derecho penal romano*, Pamplona, Analecta, 1999.
- MORICOLA, G., *L'industria della carità. L'Albergo dei Poveri nell'economia e nelle società napoletana tra '700 e '800*, Napoli, Liguori editore, 1994.
- NEUMAN, E., *Prisión abierta*, Buenos Aires, Depalma, 1984.
- OLIVER OLMO, P., *Cárcel y sociedad represora. La criminalización del desorden en Navarra (siglos XVI-XIX)*, Universidad del País Vasco, Bilbao, 2001.
- PASHUKANIS, E.V., *Teoría general del derecho y marxismo*, Barcelona, Labor, 1976.
- PAVÓN TORREJÓN, P., “Las cárceles civiles en el Imperio Romano”, en TORALLAS TOVAR, S. e PÉREZ MARTÍN, I. *Castigo y reclusión en el mundo antiguo*, Madrid, CSIC, 2003.
- PAVÓN TORREJÓN, P., *La cárcel y el encarcelamiento en el mundo romano*, Madrid, CSIC, 2003.
- PELLICO, S., *Mis prisiones*, Madrid, Espasa- Calpe, 1962.
- PINA-FUSTER, R., *Embriaguez, Alcoholismo y Derecho Penal*, Barcelona, Bosch, 2000.
- PLATÓN, *Fedón*, en *Diálogos*, tomo III, Madrid, Gredos, 1997.
- PLATÓN, *Las Leyes*, Libro X, Madrid, Akal, 1988.
- RIAÑO RUFILANCHAS, D., “Cárcel y encarcelamiento en la Grecia Clásica”, en TORALLAS TOVAR, S. e PÉREZ MARTÍN, I. *Castigo y reclusión en el mundo antiguo*, Madrid, CSIC, 2003.
- ROBINSOM, O.F., *Criminal law of ancient rome*, Baltimore (Maryland), Johns Hopkins University Press, 1996.
- RODRÍGUEZ MARTÍN, J.D., “La pena de prisión bajo Justiniano: Ulpiano vs. Calístrato”, en TORALLAS TOVAR, S. e PÉREZ MARTÍN, I. *Castigo y reclusión en el mundo antiguo*, Madrid, CSIC, 2003.

- RUSCHE G./ KIRCHHEIMER O., *Pena y estructura social*, Bogotá, Temis, 1984.
- SALDAÑA, Q., *El Derecho Penal español en la Edad Media, adiciones al Tratado de Derecho Penal, tomo I*, VON LISZT, F., Madrid, Reus, 1999.
- SÁNCHEZ- ARCILLA BERNAL, J., *Historia del Derecho. I. Instituciones político-administrativas*, Madrid, Dykinson, 1995.
- SANDERS, T.J., *Plato's penal code: tradition, controversy, and reform in Greek penology*, Oxford, Clarendon Press, 1991.
- SANTALUCIA, B., *Diritto e processo penale nell'antica Roma*, Milano, Giuffré, 1989.
- SCHIAPPOLI, D., *Diritto penale canonico*, en *Enciclopedia Pessina*, vol. I, Milán, Soc. Editrice Libreria, 1905.
- TÉLLEZ AGUILERA, A., *Los Sistemas Penitenciarios y sus prisiones*, Madrid, EDI-SOFER, 1998.
- TOMÁS Y VALIENTE, F., *Códigos y Constituciones*, Madrid, Alianza Editorial, 1989.
- TOMÁS Y VALIENTE, F., *El Derecho Penal en la Monarquía Absoluta (siglos XVI-XVII-XVIII)*, Madrid, Tecnos, 1969.
- TRINIDAD FERNÁNDEZ, P., *La defensa de la sociedad. Cárcel y delincuencia en España (siglos XVII-XX)*, Madrid, Alianza, 1991.
- VANDERPOOL, E., "The state of prison of Athens, en From Athens to Gordion", *The papers of Memorial Symposium for Rodney Young*, VRIES DE, K., (editor), Philadelphia, University of Pennsylvania 1980.
- VIADER VIVES, A., *Historia del castigo*, Barcelona, Antalbe, 1974.
- VON HENTIG, H., *La pena*, tomo II, Madrid, Espasa-Calpe, 1967.
- WEISSER, M.R., *Criminalità e repressione nell'Europa moderna*, Bolonia, Il Mulino, 1989.